



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la eliminación de las limitaciones al gasto vigentes en Galicia y en las entidades locales ante las consecuencias socioeconómicas de la guerra imperialista de Estados Unidos e Israel.**

Para dar respuesta al contexto socioeconómico consecuencia de la guerra imperialista iniciada por los EE. UU., Israel y sus aliados con el ataque a Irán, es necesario garantizar la capacidad de actuación y respuesta de las administraciones que más directamente intervienen en la vida de las personas, es decir, las entidades locales y la propia Xunta de Galicia. Sin embargo, la capacidad de desarrollar políticas eficaces en esta situación de creciente incertidumbre socioeconómica y geopolítica se ve imposibilitada por la limitación presupuestaria y de gasto impuesto en base a criterios neoliberales y centralistas.

Es por tanto necesario que, de la misma manera que se hizo en crisis anteriores, como durante la pandemia de la COVID-19 o la derivada de la situación en Ucrania, se revise el marco estatal y europeo de limitación del gasto público. Paradójicamente, en la actual situación, la Unión Europea solo contempla que los Estados puedan activar la cláusula de escape para incrementar el déficit para gasto militar, pero no para gasto social. Aunque, por el momento, el Gobierno español no ha hecho uso de esta posibilidad, si bien en la práctica ya ha ido incrementando el gasto en defensa, tampoco lo descarta. Pero sigue sin reclamar la necesidad de ampliar la capacidad de gasto para el rescate de las mayorías sociales.

En este contexto, levantar las reglas fiscales que limitan la capacidad de los ayuntamientos, diputaciones y la Xunta para poder gastar el superávit y los remanentes vinculándolos a gasto social permitiría actuar en un contexto de incremento de precios y de incremento de necesidades sociales. Si no se facilita esta flexibilización, las administraciones se verán limitadas para afrontar el gasto social y los servicios públicos esenciales, ya que la prestación de servicios será más costosa y las necesidades sociales más urgentes.

Esta medida debe ir acompañada por parte del Gobierno del Estado con el establecimiento de un fondo de compensación extraordinario para las Administraciones locales y autonómicas con el objetivo de garantizar la prestación de los servicios de su competencia afectados por la inflación, ya que sus respectivos presupuestos para 2026 fueron elaborados



con previsiones económicas que se verán enormemente alteradas por el aumento no previsto de la inflación: electricidad que afecta a la iluminación, servicios de saneamiento y abastecimiento, recogida y tratamiento de residuos y limpieza viaria, prestaciones sociales a la dependencia, educación, sanidad... Asimismo, las obras de mantenimiento de infraestructuras también se verán muy afectadas al depender muchos materiales del precio del petróleo (asfalto...) y del transporte. En consecuencia, debe preverse el incremento de los recursos para atender las obligaciones ordinarias sin afectación a las necesidades esenciales.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Revisará las reglas fiscales que limitan la capacidad de los ayuntamientos, las diputaciones y la Xunta para poder gastar el superávit y los remanentes y facilitar el incremento del gasto social destinado a mantener y reforzar los servicios públicos y financiar medidas anticrisis para los colectivos y sectores más vulnerables.
2. ¿Dará prioridad al marco de déficit o a las necesidades sociales y económicas derivadas de la guerra imperialista de los Estados Unidos?
3. ¿Tiene alguna propuesta de flexibilización del marco fiscal y financiero vigente?
¿Cuáles?
4. ¿Establecerá un fondo de compensación extraordinario para las Administraciones locales y autonómicas con el objetivo de garantizar la prestación de servicios de su competencia afectados por el aumento de la inflación y por la superación de las previsiones económicas con las que se elaboraron los presupuestos vigentes en 2026?

En Madrid, a 9 de abril de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

09 ABR. 2026 21:57:27

Entrada **109428**

Sobre a eliminación das limitacións ao gasto para favorecer políticas sociais

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á eliminación das limitacións ao gasto vixentes na Galiza e nas entidades locais ante as consecuencias socioeconómicas da guerra imperialista dos Estados Unidos e Israel.**

Para dar resposta ao contexto socioeconómico consecuencia da guerra imperialista iniciada polos EUA, Israel e os seus aliados co ataque a Irán é necesario garantir a capacidade de actuación e resposta das administracións que máis directamente interveñen na vida das persoas, isto é, as entidades locais e a propia Xunta da Galiza. Porén, a capacidade de desenvolver políticas eficaces nesta situación de acrecentamento da incerteza socioeconómica e xeopolítica vese imposibilitada pola limitación orzamentaria e de gasto imposto en base a criterios neoliberais e centralistas.

É por tanto necesario que, da mesma maneira que se fixo en anteriores crises, como durante a pandemia da covid-19 ou a derivada da situación en Ucraína, se revise o marco estatal e europeo de limitación do gasto público. Paradoxalmente, na actual situación, a Unión Europea só contempla que os Estados podan activar a cláusula de escape para incrementar o déficit para gasto militar, máis non para gasto social. Aínda que, polo momento o Goberno español non fixo uso desta posibilidade, aínda que na práctica xa foi incrementando o gasto en defensa, tampouco o descarta. Mais, segue sen reclamar a necesidade de ampliar a capacidade de gasto para o rescate das maiorías sociais.



Neste contexto, levantar as regras fiscais que limitan a capacidade de concellos, deputacións e Xunta para poder gastar o superávit e os remanentes vinculándoos a gasto social permitiría actuar nun contexto de incremento de prezos e de incremento de necesidades sociais. De non facilitar esta flexibilización, as administracións veranse limitados para enfrentar o gasto social e os servizos públicos esenciais, pois a prestación de servizos será máis custosa e as necesidades sociais máis urxentes.

Esta medida debe ir acompañada por parte do Goberno do Estado co establecemento dun fondo de compensación extraordinario para as Administracións locais e autonómica co obxectivo garantir a prestación de servizos da súa competencia afectados pola inflación xa que os seus respectivos orzamentos para 2026 foron elaborados cunhas previsións económicas que se verán enormemente alteradas polo incremento non previsto da inflación: electricidade que afecta a iluminación, servizos de saneamento e abastecemento, recollida e tratamento de residuos e limpeza viaria, prestacións sociais á dependencia, educación, sanidade... así mesmo, as obras de mantemento de infraestruturas tamén se verán moi afectadas ao depender moitos materiais do prezo do petróleo (asfalto...) e do transporte. En consecuencia, debe preverse o incremento dos recursos para atender as obrigas ordinarias sen afectación ás necesidades esenciais.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Revisará as regras fiscais que limitan a capacidade de concellos, deputacións e Xunta para poder gastar o superávit e os remanentes e facilitar o incremento do gasto social destinado a manter e reforzar os servizos públicos e financiar medidas anticrise para os colectivos e sectores máis vulnerábeis?
2. Dará prioridade ao marco de déficit ou ás necesidades sociais e económicas derivadas da guerra imperialista dos Estados Unidos?



3. Ten algunha proposta de flexibilización do marco fiscal e financeiro vixente? Cales?
4. Establecerá un fondo de compensación extraordinario para as Administracións locais e autonómica co obxectivo garantir a prestación de servizos da súa competencia afectados polo incremento da inflación e a superación das previsións económicas coas que foron elaboradas os orzamentos vixentes no 2026?

Madrid, a 9 de abril de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso